

Boletín Oficial DE LA PROVINCIA DE LUGO



<http://www.diputacionlugo.org/>

PRECIOS DE SUSCRIPCION

Al año.....	36,06 €
Al semestre.....	24,04 €
Mas gastos de envio	
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.	

VENTA DE EJEMPLARES SUELTO

Por ejemplar de hasta 8 páginas	0,60 €
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas	0,90 €
Por ejemplar de más de 12 páginas	1,35 €

LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE

ANUNCIOS Y OTRAS INSERCIÓNES

Por cada palabra o números.....	0,15 €
- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.	
- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.	
- Importe mínimo de publicación.....	6 €

SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS

Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)
Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Innovación e Industria

Delegación Provincial de Lugo

Resolución do 22 de abril de 2008 da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria en Lugo, pola que se somete a información pública para autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións que comprende o proxecto "parque eólico singular DE PENA PETADA" (Expte: 024-PES).

Mediante resolución de 11 de xullo de 2007 da Consellería de Innovación e Industria publicouse a relación de solicitudes de autorización para a instalación de parques eólicos singulares admitidas a trámite ó abeiro da Orde do 17 de decembro de 2007. Na dita resolución inclúese o "parque eólico singular DE PENA PETADA" cunha potencia de 2 MW.

En cumprimento do disposto na lei 54/1997 de 27 de novembro do Sector Eléctrico, título VII do Real-Decreto 1.955/2000, art. 25 da Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia e Decreto 302/2001 polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, sométense a información pública, a solicitude do Concello de Baleira; das instalacións que a continuación se describen:

OBXECTO DE INFORMACIÓN PÚBLICA:

Autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións que comprende o proxecto "parque eólico singular DE PENA PETADA".

PETICIONARIO: CONCELLO DE BALEIRA. RÚA ROSALIA DE CASTRO S/N, 27130-BALEIRA LUGO.

SITUACION : Concello de BALEIRA (Lugo).

EMPRAZAMENTO (Coordenadas poligonais en unidades UTM):

UTM-X	UTM-Y
641.550,3913	4.763.512,1599
641.866,9102	4.763.511,9270
641.866,9102	4.762.645,8375
641.703,9452	4.762.646,6372
641.685,0449	4.762.894,3495
641.600,1211	4.763.079,5272
641.550,3913	4.763.512,1599

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO PARQUE EÓLICO:

- N° de aeroxeradores: 1
- Tipo de aeroxerador: Vestas modelo V-90
- Potencia nominal unitaria: 2.000 kW.
- Diámetro de rotor: 90 m.
- Número de pás: 3
- Altura de torre: 80 m.-105 m.
- Potencia total instalada: 2 MW.
- Producción neta anual estimada: 8.630 MWh/ano
- Orzamento total: 1.492.978,81 euros

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DA INFRAESTRUCTURA ELÉCTRICA DE XERACIÓN,

TRANSFORMACIÓN E INTERCONEXIÓN:

- 1 aeroxerador de 2.000 kW de potencia nominal unitaria.

- 1 centro de transformación de 2100 kVA de potencia nominal unitaria e relación de transformación 0,69/20 kV, instalados unitariamente no interior de torre de aeroxerador -coa súa correspondente aparmanta de seccionamento, manobra e protección.

- Liña de media tensión subterránea de lonxitude 60 metros para evacuación de enerxía a 20 kV, coa saída desde o centro de transformación 0,69/20 kV ata o centro colector.

O que se fai público para coñecemento xeral a fin de que calquera interesado poida examinar o proxecto e presentar as obxecións ou alegacións que consideren oportunas ao mesmo, nesta Delegación Provincial sita no Edificio Administrativo, Ronda da Muralla 70, (LUGO - 27071), no prazo de 30 días hábiles, contados a partir da última publicación deste anuncio.

Lugo, 22 de abril de 2008.- O Delegado Provincial, Ramón Jesús Cortés Márquez.

R. 02267

Resolución do 21 de abril de 2008, da Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Innovación e Industria pola que se autoriza, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urgente ocupación, da instalación eléctrica L.M.T. C. T. R. B. T. FRIOL 3ª FASE, no Concello de FRIOL. (Expediente 004/2006 AT).

Examinado o expediente instruído por instancia de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Avda. Arteixo 171, 15000 A Coruña, resultan os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro.- Con data do 10 de febreiro de 2006, a citada empresa solicita a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, da L.M.T. C. T. R. B. T. FRIOL 3ª FASE presentando o preceptivo proxecto das instalacións a que fai referencia o Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina o artigo 53 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e o 143 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que a desenvolve.

En datas 27-06-06, 26-01-07, 15-05-07, 23-10-07 e 18-02-08 a empresa beneficiaria presenta anexos ao proxecto motivados por diversos requerimentos técnicos desta Delegación.

Segundo.- O proxecto someteuse a información pública para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico; e do Real Decreto

1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; mediante resolución da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de Lugo do 3 de marzo de 2008. Esta resolución foi publicada no DOG do 14-03-2008, no B.O.P. de Lugo do 24-03-2008, no diario El Progreso de Lugo do 14-03-2008, no taboleiro de anuncios desta Delegación Provincial e no taboleiro de anuncios do Concello de Friol. Con esta resolución se insería a relación de bens e dereitos afectados.

Así mesmo, practicouse notificación individual aos interesados incluídos na referida relación de bens e dereitos afectados.

Terceiro.- Enviáronselles separatas relativas ao proxecto aos diferentes organismos afectados e se cumpriron os trámites establecidos a este respecto no artigo 131 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Cuarto.- Durante o período en que se someteu ao trámite de información pública non se presentou ningunha alegación.

Quinto.- Polos servizos técnicos desta Delegación Provincial emítese informe favorable sobre a solicitude obxecto deste expediente de acordo co exposto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e o exposto no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro. Igualmente, unha vez revisado sobre o terreo o trazado da liña eléctrica proxectada, infórmase polos referidos servizos técnicos que non se da ningunha das limitacións para a imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica ás que se refire o artigo 161 do Real Decreto 1955/2000, en relación co artigo 57 da Lei 54/1997, sobre as fincas incluídas na relación de bens e dereitos que foi obxecto de información pública e sobre as que a empresa beneficiaria non chegou a un acordo amigable cos seus propietarios.

Fundamentos de derecho.

Primeiro.- A Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Innovación e Industria é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia; Decreto 211/2005, do 3 de agosto, e 232/2005, do 11 de agosto, nos que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e dos departamentos desta (DOG nº 149 e 155, do 4 e 12-8-2005, respectivamente), Decreto 231/2006, do 23 de novembro (DOG nº 244, o do 21-12-2006), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria, Decreto 36/2001, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Segundo.- O proxecto cumpre o disposto no Regulamento de liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Decreto 3.151/1968, do 28 de novembro e, en concreto, nos seus artigos 5 e 6.

Terceiro.- No expediente instruído para o efecto cumplíronse os trámites regulamentarios.

Esta Delegación Provincial, de acordo co que antecede e no ejercicio das competencias que ten atribuídas,

RESOLVE:

Primeiro. Autorizar a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA o establecemento da L.M.T. C.T. R.B.T. Friol 3ª fase, no Concello de Friol coas seguintes características técnicas principais:

Liña de media tensión aérea a 20 kV, cunha lonxitude de 1,023 km, con orixe na LMT aérea existente, condutor tipo A56 e final no apoio nº 8 da liña proxectada.

Liña de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 0,380 km, con orixe no apoio nº 8 da LMT aérea proxectada, condutor tipo RHZ/12/20 e final no CT proxectado.

Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de 160 kVA, e unha relación de transformación de 20.000V/400-230V.

Rede de baixa tensión aérea cunha lonxitude de 0,550 km, con orixe no CT proxectado, condutor tipo RZ e apoios de formigón.

Rede de baixa tensión subterránea cunha lonxitude de 0,138 km., con orixe no CT proxectado, condutor tipo RV.

Segundo. Aprobar o proxecto de execución e os seus anexos da instalación eléctrica denominado LMT. CT. RBT. en Friol, 3ª fase, asinado polo enxeñeiro industrial D. Rubén Menéndez Fernández.

Terceiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou da adquisición dos dereitos afectados e implica a urgente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa. Por isto, en cumprimento do disposto neste artigo, acórdase que polo representante da administración se dea comezo, na data e hora que a cada interesado se lle notificará individualmente, ao levantamento das actas previas á ocupación dos predios contidos na relación de bens e dereitos publicada no diario El Progreso de data 14 de marzo de 2008, Diario Oficial de Galicia de data 14 de marzo de 2008 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 24 de marzo de 2008 e expostas no taboleiro de anuncios desta Delegación Provincial e no taboleiro de anuncios do Concello de Friol. Así mesmo, se fai constar que ata o momento do levantamento das actas previas, poderanse formular as alegacións, que se consideren oportunas aos efectos de rectificar posibles errores na relación de bens afectados que foi obxecto de publicación nos medios e nas datas anteriormente referidos. Estas alegacións deberan presentar por escrito perante desta Delegación Provincial (sita no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Ronda da Muralla 70, Código Postal 27071, Lugo).

Todo isto de acordo coas condiciones seguintes:

Primeira.- As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto e os seus anexos presentados pola

empresa Unión Fenosa Distribución S.A.

Segunda.- O peticionario asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construcción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira.- En todo momento deberase cumplir canto establece a lexislación técnica de liñas eléctricas de alta tensión e as súas instruccións técnicas complementarias de acordo co Decreto 3.151/1968, do 28 de novembro, así como, de ser o caso, a lexislación aplicable ás instalacións de baixa tensión e as súas instruccións técnicas complementarias de acordo co Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, ademais do resto de normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

Cuarta.- Para introducir modificacións nas instalacións que afecten datos básicos do proxecto será necesaria autorización previa da Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Innovación e Industria.

Quinta.- O prazo para a execución das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data de notificación/publicación desta resolución.

Sexta.- A Administración reserva para si o dereito de deixar sen efecto esta autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1.775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

Sétima.- Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial o outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

A publicación desta resolución se realiza tamén para os efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirlle ao Ministerio Fiscal as diligencias que se produzan de conformidade co establecido no artigo 5 da Lei de Expropiación Forzosa de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o Sr. conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación nos termos establecidos nos artigos 107, 110, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que consideren pertinente.

Lugo, 21 de abril de 2008.- O Delegado Provincial, Ramón Jesús Cortés Mález.

R. 02279

ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Subdelegación del Gobierno en Lugo

De conformidad con lo dispuesto en el art. 59.4 y 61 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de 26 de noviembre de 1992, modificada por la Ley 4/1999, se hacen públicos los acuerdos de iniciación recaídos en los expedientes sancionadores que se indican, que se siguen en esta Subdelegación del Gobierno, a los presuntos infractores que a continuación se relacionan, ya que habiéndose intentado la notificación de los mismos en el último domicilio conocido, ésta no ha podido ser practicada.

Los correspondientes expedientes figuran a disposición del interesado para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en el Negociado de Infracciones Administrativas, de la Subdelegación del Gobierno en Lugo.

Contra dichos acuerdos de iniciación podrán formular alegaciones y aportar las pruebas que estimen pertinentes en defensa de sus derechos, dentro del plazo de quince días, contados desde el día siguiente a la publicación del presente edicto en el B.O.P. de residencia de los encartados. Al propio tiempo se advierte que transcurrido dicho plazo, seguirán los expedientes su trámite ordinario pudiendo ser considerados los acuerdos de iniciación como propuestas de resolución, en el caso de que no se hayan efectuado alegaciones.

EXPT.	INTERESADO Y DOMICILIO		LEGISLACIÓN INFRINGIDA
220/08	José Luis Rico Blanco.- C/ Pena Parda, 14 – Castro y Marzán	FOZ (Lugo)	25.1) L.O.1/92
294/08	Yago Donaire Solano.- C/ Rosalía de Castro, 75	MADRID	25.1) L.O.1/92
407/08	Antonio García Hermida.- C/ Rey Pelayo, 4, 4º B-Piedras Blancas	CASTRILLÓN (Asturias)	25.1) L.O.1/92
424/08	Antonio Manuel Varela Pérez.- C/ Rosalía de Castro, 27, 4º	VIVEIRO (Lugo)	25.1) L.O.1/92
584/08	Álvaro Prego Vázquez.- C/ Javier Fonte, 2 E, 4º B	A CORUÑA	25.1) L.O.1/92
607/08	José Manuel López Pérez.- C/ Huertas, 39, 5º B	MONFORTE DE LEMOS (Lugo)	157.b)f) L.O.1/92
632/08	Bruno Castro Montecelo.- C/ Mapoula, 6, bajo	LUGO	25.1) L.O.1/92
634/08	Roberto Manuel Rodríguez Aguete.- C/ Xuncal perillo, 5, 2ºD	OLEIROS (A Coruña)	25.1) L.O.1/92
647/08	Euria Van Den Brule Moral.- C/ Sancho Dávila, 30, 4º Bº	MADRID	25.1) L.O.1/92
659/08	Rubén Lage González.- C/ Camelias, 33, 2º dcha.	OURENSE	25.1) L.O.1/92
662/08	Leonardo Daniel Herosa Guerrero.- C/ San Antón, 2, 1º C	CULLEREDO (A Coruña)	25.1) L.O.1/92
670/08	Oscar Antonio Ballesteros Rey.- C/ Casona, 1 – La Granja de San Vicente	TORRE DEL BIERZO (León)	25.1) L.O.1/92
677/08	José Ángel Bayo Valdés.- Pz. Santa Rita, 2, 4º	A CORUÑA	25.1) L.O.1/92
678/08	Pablo Miguel Fernández Dos Santos-C/ Capitán Eloy, 28, 1ºD	OURENSE	25.1) L.O.1/92
686/08	Cándido Lorenzo Vidal.- C/ Rosalía de Castro, 41, 6º izq.	VIGO (Pontevedra)	25.1) L.O.1/92
690/08	Manuel Iglesias López.- C/ T, 18, 1º	LALÍN (Pontevedra)	25.1) L.O.1/92
697/08	Fco. José López López.- C/ Doctor Castro, 10, 2º	LUGO	25.1) L.O.1/92
703/08	Jorge Barrufet Balcells.- C/ La Plana, 2, 9º A	TÁRREGA (Lleida)	25.1) L.O.1/92
708/08	Francisco J. Andreu Golpe.- Av. de la Coruña, 459	LUGO	23.a) L.O.1/92
709/08	Miguel Dovale Rodríguez.- Av. Campos Novos, 35, bloque bajo A	LUGO	25.1) L.O.1/92
722/08	Alfredo Zoreda Echevarría.- C/ Neurketa Kalea, 14 C	MUNGIA (Vizcaya)	25.1) L.O.1/92
723/08	Ovidiu Florín Grecu.- C/ Gómez Jiménez, s/n (edificio novelle)	BECERREÁ (Lugo)	26.i) L.O.1/92
729/08	Facundo Solari.- C/ Pare Vicent Costa	SANTA EULALIA DEL RIO (Baleares)	25.1) L.O.1/92
735/08	Jonathan Manuel Quevedo Francisco.- C/ Duquesa de Alba, 16, 5º dcha.	MONFORTE DE LEMOS (Lugo)	25.1) L.O.1/92
737/08	Mª Teresa Navas Elegido.- C/ Recaredo, 6	MADRID	25.1) L.O.1/92
741/08	Roi García Martínez.- C/ Paraíso, 37	VIVEIRO (Lugo)	25.1) L.O.1/92
743/08	Ramón Correjo Mata.- Av. Cantarrana, 12, 4º izq.	VIVEIRO (Lugo)	25.1) L.O.1/92
757/08	Sheila García Corpas.- C/ La Florida, 120, 1º C	MOS (Pontevedra)	25.1) L.O.1/92
762/08	Daniel Rico Díaz.- Av. Leopoldo Calvo Sotelo, 60, bajo A	RIBADEO (Lugo)	25.1) L.O.1/92

763/08	Jorge Bermúdez Pedrosa.- C/ Manuel Antonio, 1, 1ºB – San Ciprián	CERVO (Lugo)	25.1) L.O.1/92
773/08	Juan Carlos Martínez Barreira.- C/ Garaballa de abajo, 138	LUGO	25.1) L.O.1/92
793/08	Rubén Gayoso Negro.- C/ Haciadama, 4, 2º D – Burgo	CULLEREDO (A Coruña)	25.1) L.O.1/92
798/08	Ginés Carmelo Fernández.- Av. San Andrés, 23, 1º dcha.	MÁLAGA	25.1) L.O.1/92
801/08	Domingo Prado Díaz.- C/ Coronel Andrade, 4	RÁBADE (Lugo)	25.1) L.O.1/92
805/08	Iván López Aguiar.- C/ Birloque, 54, 1º B	A CORUÑA	25.1) L.O.1/92
807/08	Miguel Ángel Temprano Grueiro.- C/ Toxo – Sta. Cruz, 7	OLEIROS (A Coruña)	25.1) L.O.1/92
811/08	Mariana Mejuto Castelo.- Lg. Regueiro Oscuro, 5	OLEIROS (A Coruña)	25.1) L.O.1/92
813/08	Jose Manuel Areán Macía.- Av. Fontiñas, 201, B, 4º C	LUGO	25.1) L.O.1/92
830/08	Tomás López Fernández.- C/ Rafael Lobeto, 41 B	BURELA (Lugo)	25.1) L.O.1/92
847/08	Adrián Fernández Fernández.- Lg. Vilamaior Trobo, 23	LUGO	26.i) L.O.1/92
907/08	Anibal Iglesias Pardeiro.- C/ Sierra de Meira, 68, bajo	LUGO	25.1) L.O.1/92
915/08	Diego Revaldería Veiga.- C/ Milagrosa, 8, 2º	LUGO	25.1) L.O.1/92

Lugo, 15 de abril de 2008.- EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, Jesús Otero Calvo.

R. 02240

De conformidad con el art. 59.4 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de 26 de noviembre de 1992, modificada por la Ley 4/1999 se hacen públicas las resoluciones recaídas en los expedientes sancionadores que se indican, y acordadas por esta Subdelegación del Gobierno a los sancionados que a continuación se relacionan, ya que, habiéndose intentado la notificación de las mismas en el último domicilio conocido, ésta no ha podido ser practicada.

Los correspondientes expedientes figuran a disposición de los interesados para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en el Negociado de Infracciones Administrativas, de la Subdelegación del Gobierno en Lugo, al considerarse de aplicación al art. 61 de la citada Ley.

Contra dichas resoluciones podrán interponer recurso de alzada ante el Excmo. Sr. Ministro del Interior, dentro del plazo de un mes, contado desde el día siguiente de la publicación de los presentes actos en el B.O.P. del último domicilio conocido de los encartados. Al propio tiempo se significa que transcurrido dicho término sin que la sanción haya sido recurrida o abonada y siendo firme en vía administrativa, se ejercerán las facultades subsidiarias reservadas a la Autoridad para mantener la efectividad de la sanción procediendo a su exacción por la vía ejecutiva.

EXPT.	INTERESADO Y DOMICILIO		LEGISLACIÓN INFRINGIDA	SANCIÓN
87/08	Santiago Granados Menéndez.- Av. Principado, 26, 1º C – Las Vegas	CORVERÁ DE ASTURIAS (Asturias)	25.1) L.O.1/92	301 euros
151/08	Juan José Agut Pérez.- C/ Treviana, 1	MADRID	25.1) L.O.1/92	301 euros
170/08	Juan Ignacio Herboso Cerezo.- Av. Montevideo, 121, 9º H	BILBAO (Vizcaya)	25.1) L.O.1/92	360 euros
176/08	Bernardo Díaz López.- Av. de Gijón, 20, 4º A	AVILÉS (Asturias)	25.1) L.O.1/92	450 euros
516/08	Victor Hugo Iglesias Maciel.- C/ Vicente Cociña, 1	VIVEIRO (Lugo)	23.a) L.O.1/92	150 euros
799/08	Miguel Montes Santos.- C/ Pintor Luis Seoane, 25	LUGO	51.1) L.O.4/2000	12.002 euros
1367/07	Javier Romero Romero.- C/ Roberto Baamonde, 99, bloque bajo	MONFORTE DE LEMOS (Lugo)	23.a) L.O.1/92	301 euros

Lugo, 28 de abril de 2008.- EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, Jesús Otero Calvo.

R. 02241

Jurado Provincial de Expropiación

De conformidad con el art. 59.4 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de 26 de noviembre de 1992, modificada por la Ley 4/1999 se hacen públicas las resoluciones recaídas en los expedientes de justiprecio que se indican, acordadas por este Jurado

Provincial de Expropiación que a continuación se relacionan, ya que, habiéndose intentado la notificación de las mismas a sus destinatarios, en el último domicilio conocido, ésta no ha podido ser practicada.

Los correspondientes expedientes con sus valoraciones, figuran a disposición de los interesados para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en la Secretaría del Jurado Provincial de Expropiación, en la Subdelegación del Gobierno en Lugo.

Se significa que contra dichas resoluciones que agotan la vía administrativa, puede interponerse potestativamente, recurso de reposición, ante este Jurado Provincial, en el plazo de un mes, a contar desde el día siguiente a la publicación de los presentes actos en el B.O.P. Para el caso de que no se hiciera uso de este derecho, puede interponerse en el plazo de dos meses, a contar desde el día siguiente a dicha publicación en el B.O.P., recurso contencioso-administrativo ante la Sala de esta Jurisdicción del Tribunal Superior de Justicia de Galicia en A Coruña. Todo ello de conformidad con los arts. 116 y 117 de la citada Ley 30/1992 y arts 8.3-2º párrafo, 10 y 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, BOE del 14 de julio, sin perjuicio de cualquier otro recurso que estime pertinente interponer. Asimismo se significa que, en cuanto al contenido de la presente publicación, se tiene en consideración lo previsto en el art. 61 de la Ley 30/1992.

OBRA: LU/03/093.06 MODIFICACIÓN DO ENLACE DESDE A ESTRADA N-634 COA VARIANTE DE VILALBA, EN EL T. M. DE VILALBA.

EXPTE.	PROPIETARIO	FINCA	DOMICILIO
784/05	Mª Carmen Otero Seijido	9-O	Rúa Galicia, 5 Vilalba (Lugo)

OBRA: N/LU/85.2.1.5-M1 MODIFICADO Nº 1 DO ACONDICIONAMENTO DO CORREDOR CENTRAL. TRAMO: ESCAIRÓN-MONFORTE (FASE IV), EN EL T. M. DE MONFORTE DE LEMOS.

EXPTE.	PROPIETARIO	FINCA	DOMICILIO
766/05	Emilio Rodríguez Rodríguez	21CO	Distriz-Monforte de Lemos (Lugo)
764/05	María García Calviño y otros	20CO	Distriz-Monforte de Lemos (Lugo)

OBRA: LU/01/4.1 ACONDICIONAMIENTO DA ESTRADA LU-153. TRAMO: LOURENZÁ-MASMA, EN EL T.M. DE MONDOÑEDO.

EXPTE.	PROPIETARIO	FINCA	DOMICILIO
263/05	Justo Moreda Pérez	110	Coto Recavieira, s/n Mondoñedo (Lugo)

OBRA: LAT. A 132 KV. SUB. PENAGRANDE-SUBESTACIÓN LOMBA EN EL T.M. DE MURAS.

EXPTE.	PROPIETARIO	FINCA	DOMICILIO
221/05	Jesús Picos Pernas	33	Granxas-Cantarrana,13 Covas-Viveiro (Lugo)
222/05	Jesús Picos Pernas	34	Granxas -Catarrana,13 Covas-Viveiro (Lugo)
223/05	Jesús Picos Pernas	37	Granxas-Catarrana, 13 Covas-Viveiro (Lugo)
224/05	Jesús Picos Pernas	39	Granxas-Catarrana, 13 Covas, Viveiro (Lugo)
225/05	Jesús Picos Pernas	47	Granxas-Catarrana, 13 Covas-Viveiro (Lugo)

OBRA: PROYECTO DE EJECUCIÓN DEL PARQUE EÓLICO SIERRA DE MEIRA EN EL T.M. DE RIBEIRA DE PIQUÍN.

EXPTE.	PROPIETARIO	FINCA	DOMICILIO
92/06	Argimira Vidal González	303	C/ Francisco Vales Villamarín, 81-portal 4-4º- izqda (A Coruña)
92/06	Maximiliano Vidal Murado	303	Meiroi, nº. 1 Ribeira de Piquín (Lugo)
101/06	Donino Bouxo Cervantes	373	C/. José Roset, Chalet Roset, 1 La Masma (Andorra la Vieja)
95/06	Angelina Fernández Fernández	332	C/. Rodríguez Murias, 12 Ribadeo (Lugo)

95/06 Otilia Fernández Doval 332 C/. Zollo Urruti s/n
Arrankuriaga (Vizcaya)

OBRA: PROYECTO PARQUE EÓLICO RIOBOO EN EL T.M. DE XOVE.

EXPTE.	PROPIETARIO	FINCA	DOMICILIO
--------	-------------	-------	-----------

5/06 Vicente Martínez Pena 5 Canabal, 17 Burela (Lugo)

OBRA: PROYECTO DO PARQUE EÓLICO SERRA DA LOBA EN EL T.M. DE GUITIRIZ.

EXPTE.	PROPIETARIO	FINCA	DOMICILIO
--------	-------------	-------	-----------

49/06 Ana Pico Freire 6 Avda. de Esteiro, 42-2º Izda
O Ferrol (A Coruña)

OBRA: PROYECTO MODIFICADO DO PARQUE EÓLICO GOIA-PEÑOTE EN EL T.M. DE MURAS.

EXPTE.	PROPIETARIO	FINCA	DOMICILIO
--------	-------------	-------	-----------

3/06 José Franco Rouco 10 C/. Río Eo, 2-2º D Narón
(A Coruña)

3/06 Saúl Rodríguez Barros 10 C/. Isaac Albeniz, 17-1ºB
(Madrid)

3/06 María Barro Durán 10 Rúa Nova, 2, Magazos-Viveiro
(Lugo)

3/06 Marina Seijo Castelo 10 Nº 5 Albert Road New
Milton Hants DH256PS
(Inglaterra)

OBRA: CONSTRUCCIÓN DEL SISTEMA AUTOMÁTICO. INFORMACIÓN HIDROGRÁFICA (SAHI) EN LA CUENCA NORTE. PLAN HIDROGRÁFICO NORTE I, EN EL T. M. DE O PARAMO.

EXPTE.	PROPIETARIO	FINCA	DOMICILIO
--------	-------------	-------	-----------

460/06 Manuela Rodríguez Vázquez A014-002 Santa Cruz, 29 Moscán
Páramo (Lugo)

OBRA: ESTUDIO INTEGRAL DE LA PLAYA DE AREALONGA Y SU ENTORNO INMEDIATO, EN EL T. M. DE FOZ.

EXPTE.	PROPIETARIO	FINCA	DOMICILIO
--------	-------------	-------	-----------

154/07 Juan Ramón López Menéndez 75 C/. Riosol, 27-1º
Sarria (Lugo)

OBRA: 12-LU-3830. AUTOVIA A-8 DEL CANTABRICO. TRAMO: BARREIROS-REINANTE, EN EL T. M. DE RIBADEO.

EXPTE.	PROPIETARIO	FINCA	DOMICILIO
--------	-------------	-------	-----------

162/06 Ramón María García Reimundo y otras 33 C/. Ramón González 10-12
Ribadeo (Lugo)

Lugo, 28 de abril de 2008.- EL SECRETARIO, Constantino Rodríguez Ramos.

R. 02242

AYUNTAMIENTOS

ABADÍN

En cumprimento co disposto no artigo 93.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, publicase o seguinte anuncio:

1.- ENTIDAD ADXUDICADORA.

a) Organismo: Concello de Abadín.

b) Dependencia que tramita o expediente:
Secretaría.

2.- OBXECTO DO CONTRATO.

a) Descripción do obxecto: "MELLORA DO TRAMO URBANO DA REDE DE CATRRETERAS DO ESTADO NO TERMO MUNICIPAL DE ABADÍN N-634 DO PUNTO KILOMETRICO 604,400 AO PUNTO KILOMETRICO 605,170".

b) Boletín ou Diario Oficial e data de publicación do anuncio de licitación: Boletín Oficial da Provincia Nº 30, de 6 de febreiro de 2008, e no Diario Oficial de Galicia nº 25 de 5 de febreiro do 2008.

3.-TRAMITACION, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

c) Forma: Concurso.

4.- ORZAMENTO BASE DE LICITACION.

Importe total: 160.389,73 euros, IVE engadido.

5.- ADXUDICACIÓN:

a) Data: 10 de abril de 2008 (acordo de Xunta de Goberno Local).

b) Contratista: CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO S.L, con CIF B-27250182 e domicilio social en Valiñadares, 8 Mondoñedo (Lugo).

c) Importe de adxudicación: 151.552,26 euros.

Abadín, 25 de abril de 2008.- O ALCALDE, José M^a López Rancaño.

R. 02253

En cumprimento co disposto no artigo 93.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, publicase o seguinte anuncio:

1.- ENTIDAD ADXUDICADORA.

a) Organismo: Concello de Abadín.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2.- OBXECTO DO CONTRATO.

Descripción do obxecto: "CENTRALIZACIÓN, XESTIÓN E REDUCCIÓN DO GASTO ENERXÉTICO NO ALUMEADO PÚBLICO EN GONTAN, NA PRAZA DO MERCADO".

3.-TRAMITACION, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

Procedemento: Negociado sen publicidade.

4.- ORZAMENTO BASE DE LICITACION.

Importe total: 97.349,81 euros, IVE engadido.

5.- ADXUDICACIÓN:

a) Data: 11 de febreiro de 2008 (acordo de Xunta de Goberno Local).

b) Contratista: CORUÑESA DE AHORRO ENERGETICO S.L.U, con CIF B-15567167 e domicilio social en polígono de Pocomaco, parcela D-2 (A Coruña).

c) Importe de adxudicación: 97.349,81 euros.

Abadín, 25 de abril de 2008.- O ALCALDE, José M^a López Rancaño.

R. 02254

BECERREÁ

Información pública

Aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello

de Becerreá de data 29 de abril de 2008, os padróns que a continuación se relacionan, e expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó 2º bimestre de 2008.

- Taxa por recollida de lixo correspondente ó 2º bimestre de 2008.

- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó 2º bimestre de 2008.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Xunta de Goberno Local do Concello de Becerreá.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seránllas cargados nas contas bancarias respectivas, e fixase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Becerréa, 30 de abril de 2008.- O Alcalde, ilexible.

R. 02260

BEGONTE

Edicto

Solicitando nesta Alcaldía por D. ANTONIO SAMPERO LÓPEZ, licenza municipal para a apertura de "PROXECTO DE CENTRO LOGÍSTICO DE TRANSPORTES", a situar en polígono industrial de Begonte, parcela nº 6, nave B, polígono C, cumprindo o disposto polo parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, co fin de que durante o mesmo –que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poidan exa-

mina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Begonte, 22 de abril de 2008.- O Alcalde, José Antonio Vázquez García.

R. 02262

FRIOL

Edicto

Solicitando desta Alcaldía SUPERMERCADO GARCIA E HIJOS S.L., licencia municipal para a apertura de "supermercado", a situar en rúa Diputación, S/N, cumplindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo - que comenzará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia - poidan examinar o expediente, na Secretaría deste Concello as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Friol, a 28 de abril de 2008.- O Alcalde, Antonio Muiña Pena.

R. 02261

GUITIRIZ

Edicto

Solicitando desta Alcaldía polo Grupo Porta Faxeira, S.L., licenza municipal de actividade para almacenamento e distribución de GLP con depósito aéreo de 6.650 litros para servicio dun edificio de vivendas, na Rúa do Concello, nº 66, Guitiriz, segundo proxecto presentado, cumplindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo - que comenzará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poidan examinar o expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Guitiriz, 29 de abril de 2008.- A Alcadesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 02259

LÁNCARA

Edicto

Solicitando desta Alcaldía D. Alejandro López Novo,

en representación de Logona C.B., licenza municipal para a ampliación de actividade para restaurante, a situar en Rio Neira Nº 4 baixo, Puebla , cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, co fin de que durante o mesmo, que comenzará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan examinar o expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Láncara, a 23 de abril de 2008.- O ALCALDE, ilexible.

R. 02256

LUGO

Anuncio

Este Concello comunicalle a exposición pública da matrícula do IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS correspondente ó exercicio 2008, elaborada pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, e conforme dispón ó artigo 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ó artigo 3 do RD 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas.

A matrícula, constituída polos censos comprensivos de tódolos suxeitos pasivos que exerzan actividades económicas suxeitas ó IAE, (exentos e non exentos) estará a disposición das persoas interesadas, durante o prazo de 15 días que comenzará a contar dende o día inmediato seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Servicio de Facenda Local, situado na Rda. Muralla, 197, 2º andar, en horario de oficina (9:30 a 13:30 horas). Así mesmo, a dita matrícula inclúe as cotas provinciais e nacionais cando o enderezo fiscal do suxeito pasivo corresponda a este Concello.

Advírtese que a inclusión dun suxeito pasivo na matrícula, así como a exclusión ou alteración de calquera dos datos ós que ésta se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpoñer, no prazo de 15 días que comenzará a contar dende o día seguinte ó do término do período de exposición pública da matrícula, recurso de reposición ante o Delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de Lugo competente por razón do territorio, ou reclamación ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional no mesmo prazo, sen que poidan simultanearse ámbolos dous recursos (art. 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 05/03, e 4 do Real Decreto 243/1995, do 17 de febreiro).

Lugo, 24 de abril de 2008.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO (Decretos 64 e 75/2007) Sonia Méndez García.

R. 02226

Anuncio

Por acordo número 24/406 da Xunta de Goberno Local do 23 de abril de 2008, aprobouse a proposta da Alcaldía relativa á modificación do réxime de delegación do exercicio de atribucións en materia de contratación, o que se fai público para xeral coñecemento coa publicación íntegra da devandita resolución, de conformidade co previsto no artigo 15 do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Concello de Lugo.

Lémbrese que esta publicación está incluída nos supostos de normas exentas de pago de taxas, a teor do disposto no artigo 11.2.a) da Lei 5/2002, de 4 de abril, reguladora dos Boletíns Oficiais das Provincias.

Lugo, 29 de abril de 2008.- O ALCALDE, José Clemente López Orozco.

ANEXO

"24/406 MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE DELEGACIÓN DO EXERCICIO DE ATRIBUCIÓN EN MATERIA DE CONTRATACIÓN.- Examinada a proposta da Alcaldía, do 18 de abril de 2008, na parte expositiva da cal se fai constar:

“En virtude dos acordos número 1/877, do 18 de outubro de 2004, modificado polo número 16/912, do 27 de outubro de 2004, 20/58 do 24 de xaneiro de 2007, e 3/533 do 20 de xuño de 2007, adoptados pola Xunta de Goberno Local sobre o réxime do exercicio de atribucións conferidas polo ordenamento xurídico á Xunta de Goberno Local, se delegou nos Tenentes de Alcalde Delegados de ÁREA o exercicio das facultades de contratación, de subministracións, consultoría e asistencia e de servizos, sempre que a duración do contrato non supere un ano e a súa contía non excede de 12.020,24 euros (IVE engadido) e, así mesmo, delegouse –coa limitación da duración do contrato antes sinalada- nos Tenentes de Alcalde Delegados das Áreas de Urbanismo e Infraestruturas e de Economía, Emprego e Zona Rural a contratación de obras cando o seu importe ou presuposto non excedera de 30.050,61 euros (IVE engadido). Posteriormente, por acordo da propia Xunta de Goberno Local do 24 de xaneiro de 2007, estimouse incluídos dentro da delegación de facultades anteriormente sinalada os contratos de servizos comprendidos na categoría 26 do artigo 206 do texto vixente da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que teñan a natureza de privados cando o seu obxecto sexa a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos; e, igualmente, foi preciso tamén aclarar o exercicio da competencia en materia de contratos relativos a servizos financeiros.

O próximo día 1 de maio entra en vigor a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos del sector público, aplicable ás entidades que integran a Administración Local, que modifica a contía establecida pola Lei actual para a utilización da modalidade de contratación denominada contratos menores [que, básicamente, era a comprendida dentro da delegación de atribucións anteriormente sinalada], tendo a consideración de tales os de obras cuxa contía sexa inferior a 50.000,00 euros, e

os restantes contratos cando o seu importe non supere os 18.000,00 euros e, ademais, a súa duración non exceda dun ano.

Polas razóns sinaladas nos parágrafos anteriores cómpre adaptar as delegacións conferidas á nova normativa en materia de contratación das administracións públicas e, igualmente, simplificar o réxime de delegacións, explícitas e implícitas, vixente.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na referida proposta da Alcaldía, e por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Delegar nos titulares das áreas de goberno o exercicio das facultades de contratación en materia de contratos de subministracións e de servizos, para a concertación dos que, segundo o establecido no artigo 122.3 parágrafo segundo da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, teñan a consideración de contrato menor.

Esta delegación inclúe tamén a concertación de contratos de servizos relativos á creación e interpretación artística e literaria ou espectáculos comprendidos na categoría 26 do anexo II da Lei 30/2007, do 30 de outubro, que teñan a natureza de privados, a subscrpción a revistas, publicacións periódicas e bases de datos.

SEGUNDO.- Delegar, así mesmo, no Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo, Infraestruturas e Zona Rural o exercicio das facultades de contratación en materia de contratos de obras, para a concertación dos que, segundo o establecido no artigo 122.3 parágrafo segundo da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, teñan a consideración de contrato menor.

TERCEIRO.- Delegar na Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego a concertación de contratos privados que teñan por obxecto servizos comprendidos na categoría 6 do anexo II e no artigo 4.1 letra I) da devandita Lei, segundo as previsións contidas no orzamento da Corporación para cada exercicio presupuestario.

CUARTO.- As atribucións delegadas comprenderán, en todo caso, o exercicio das competencias para a aprobación do expediente de contratación, dos proxectos de obras, dos pregos de cláusulas administrativas particulares e dos pregos de condicións técnicas [cando sexan obligatorios ou, de non selo, se considerara conveniente], a autorización e disposición ou compromiso do gasto, da adjudicación do contrato e, en xeral, todas as que as lexislacións sobre contratación das administracións públicas e sobre réxime local reservan para o órgano de contratación.

QUINTO.- Estas delegacións producirán efectos a partir da entrada en vigor da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.”

R. 02249

Anuncio

A Xunta de Goberno Local na sesión, do 23 de abril de 2008, aprobou o proxecto técnico, prego de prescri-

cións técnicas e de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras de cuberta metálica do polideportivo do CEIP das Gándaras, de conformidade co disposto no artigo 122.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o artigo 75 da Lei 30/92, do Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os mesmos expóñense ó público polo prazo de OITO días para os efectos do seu exame e reclamacións.

O expediente atópase de manifesto no Servizo de Contratación (Ronda da Muralla ,197, 3^a planta) en horario de oficina.

Lugo, 30 de abril do 2008.- P. D. A Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego, Sonia Méndez García.

R. 02275

Anuncio

A Xunta de Goberno Local na sesión, do 16 de abril de 2008, aprobou o proxecto técnico, prego de prescripcións técnicas e de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras de rexeneracion de fimes e pavimentos en Frigsa, de conformidade co disposto no artigo 122.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o artigo 75 da Lei 30/92, do Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os mesmos expóñense ó público polo prazo de OITO días para os efectos do seu exame e reclamacións.

O expediente atópase de manifesto no Servizo de Contratación (Ronda da Muralla ,197, 3^a planta) en horario de oficina.

Lugo, 30 de abril do 2008.- P. D. A Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego, Sonia Méndez García.

R. 02277

MONDOÑEDO

Anuncio

Corrección de erro. Advertido erro no anuncio publicado no BOP o día 12 de abril de 2008, nº 84, sobre exposición pública para concesión de licencia de actividade a D. Héctor Leal Otero, onde dí “para despacho de pan e cafetería, sita na rúa Guevara nº 3-baixo”, debe decir: “para despacho de pan e cafetería, sita na rúa Guevara nº 2-baixo”.

Mondoñedo, a 28 de abril de 2008.- O Alcalde, Manuel Orlando González Cruz.

R. 02263

A POBRA DO BROLLÓN

Edicto

Dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas en sesión celebrada o

día 24/04/2008, a conta xeral do orzamento do ano 2007, expõe o público por prazo de 15 días hábiles (dende o hábil seguinte a inserción do presente no B.O.P.) durante os que, e os oito seguintes os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións.

A Pobra do Brollón, 28 de abril de 2008.- O Alcalde, José Luis Macea Vilariño.

R. 02255

TABOADA

